


BANDO PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIIS

No BOP de Ourense núm. 99 do 04.05.2015 publicouse a ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancias de plantacións e xestión da biomasa forestal do Concello de Toén, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 29.01.2015.

Segundo o establecido no artigo 7 da dita ordenanza, consonte ó disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos situados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións (...) a unha distancia de 50 metros deberán, realizar os traballos de xestión da biomasa que establece a normativa indicada (roza para a eliminación da maleza; poda e rareo do estrato arbóreo). Ademais a unha distancia de 30 metros dende as construcións ou límite do núcleo, é obligatoria a corta de determinadas especies arbóreas como piñeiro, eucaliptos, acacias.

Dada a proximidade da época de máximo perigo de incendio, solicítase a colaboración dos propietarios de terreos que se atopen nalgunha das situacións descritas, para que procedan á maior brevidade posible e, en calquera caso antes do 30 de xuño, ao cumprimento da normativa vixente.

Toén, maio de 2016



Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es